UNIVERSIDADE DE VIGO

Non conforme Pte. Xunta Persoal

NON CONFORME

Non conforme

NON CONFORME

Non conforme

# ACTA DE REUNIÓN XERENCIA-XUNTA DE PERSOAL FUNCIONARIO DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS DE 25 DE SETEMBRO DE 2009

**ASISTENTES**

**UNIVERSIDADE DE VIGO**

**Vicexerente de Persoal:**
Ana Comesaña Álvarez

**Vicexerente do Campus de Ourense:**
Miguel Diéguez Díaz

**Xefe do Servizo de Persoal de Administración e Servizos:**
José Manuel Fernández Viña

**Xefa Sección Emprego e Programas:**
Margarita González Hernández

**Secretario de actas:**
Rafael Ameneiro Bravo

**XUNTA DE PERSOAL:**

Xoan Cebro Rodríguez
Sergio Pajares Rodríguez
Mª del Carmen Romo Pérez
José Antonio Gándara Pérez
Ana Belén Martínez Piñeiro
Henrique Macías Cambra
Teresita Aboal Somoza
Benedicta Expósito González
José López Pérez
Santiago Santos e María Fariza Novoa desculpan a súa asistencia

En Vigo, con data 25 de setembro de 2009, as partes que se relacionan á marxe reúnense ás 12:00 horas na Sala nº2 do Edificio Xerencia/Servizos Centrais da Universidade de Vigo, Campus Lagoas/Marcosende, previa convocatoria, coa seguinte

## ORDE DO DÍA:

T. Aboal

1. **Continuación da negociación da oferta de emprego público.**

En data 1 e 10 de xullo tiveron lugar xuntanzas entre a Xerencia da Universidade de Vigo e os representantes do persoal funcionario na Xunta de Persoal para tratar sobre a oferta pública de emprego de persoal funcionario de administración e servizos. Na reunión do 10 de xullo fíxose entrega dos temarios pola Xerencia.

Polo presidente da Xunta de Persoal négase que se fixera entrega de todos os temarios. Porén na acta do día 10 de xullo consta que se fixo entrega. Polo presidente da Xunta de Persoal négase o recoñecemento da acta. A Xerencia fai entrega da acta asinada a todos os membros. En todo o caso non ten inconveniente en entregar de novo os temarios.

A Xunta de Persoal expresa a súa intención de negociar todas as materias no seu conxunto con remisión ao acordo de xuño de 2008.

A Vicexerente de Persoal di que a presente convocatoria realizouse con intención de continuar coa oferta de emprego de persoal funcionario e por tanto no día de hoxe a orde do día está fixada na convocatoria e refírese á oferta de emprego, que non ten inconveniente en trasladar as prioridades da Xunta de Persoal e establecer outro calendario de reunións.

En calquera caso ante a proposta feita pola Xunta de Persoal en relación coas probas e baremo de auxiliares administrativos fai entrega dunha proposta da Xerencia que responde á presentada pola Xunta de Persoal.

Nas próximas reunións traerá a proposta de probas de axudantes de biblioteca e letrados, con remisión da documentación 3 días antes da reunión, se ben adianta que serán practicamente as mesmas que en anteriores procesos nesta Universidade, xa que cre que neste intre despois de tantos anos sen procesos selectivos non é un bo momento para facer grandes reformas nos sistemas selectivos, se ben está disposta a falar dos novos sistemas das futuras convocatorias.

Acórdase nesta reunión que levantarase Acta das reunións de negociación entre a Xunta de Persoal e a Xerencia no mesmo día da xuntanza, para os efectos de que non haxa no futuro máis malentendidos.

NON CONFORME

NON CONFORME

Non Conforme

NON CONFORME

NON CONFORME